

**Nin nos vendemos
nin te vendemos**

VOTA



Eleccións sindicais 2023 · Navantia Ferrol



**INVESTIMENTO + EMPREGO
= FUTURO**

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO
Sección sindical unitaria en Navantia Ferrol

A CGT presentouse ás eleccións por primeira vez en 2019, para ofrecer unha alternativa **combativa e assemblearia** fronte a ese sindicalismo que traga con todo o que propoñen as empresas, que predica a resignación, que actúa de apagalumes da loita dos traballador@s, que utiliza o comité para favorecer intereses persoais...

O vindeiro día 24 non se valoran promesas, senón realidades: que fixo ou deixou de facer cada sindicato durante estes últimos catro anos.

A CGT é un sindicato de **clase**. Somos o sindicato dos traballador@s que se sinten traballador@s e comprenden que tódolos traballadores, desde os especialistas da industria auxiliar ós técnicos superiores da principal, somos **iguais** e temos os mesmos problemas de fondo que non se poden solucionar illadamente.

Os retrocesos nos dereitos da clase traballadora son produto, en primeiro lugar, das políticas capitalistas que buscan unha distribu-

ción máis inxusta da riqueza. Pero tamén das políticas dos grandes sindicatos tradicionais, que aceptan eses retrocesos. O actual convenio é unha boa proba: os novos ingresos teñen unhas condicións laborais peores cós traballador@s antigos.

Este dobre problema (as políticas antiobreiras e o sindicalismo colaboracionista) non se pode solucionar a nivel individual ou dun grupo específico de traballador@s. Esixe a organización, a solidariedade e a **loita colectiva** como clase, uníndonos por riba de tódalas diferenzas coas que nos intentan dividir.

Non basta con que no comité haxa xente ben intencionada. Fai falla tamén un sindicalismo que axude a **reconstruír a nosa forza como clase traballadora**.

Presentámonos a estas eleccións para seguir facendo, con máis forza e mellor, o que vimos facendo desde 2019: **defender intransixentemente** ós traballador@s fronte a empresa; pe-



lexar por un bo convenio cos **mesmos dereitos** para todos e todas, sen distincións por data de ingreso ou grupo profesional; informar e atender a todo o mundo **sen discriminar** entre afiliados e non afiliados; fomentar o **espírito reivindicativo**; propugnar a **unidade principal-compañías**; impulsar a **mobilización**; espallar a **conciencia de clase**...

Pero sobre todo queremos seguir traballando para que os traballador@s recuperemos a confianza nas nosas propias forzas, a través de experiencias como a vivida en Turbinas: a empresa e os outros catro sindicatos (que suman 20 dos 23 delegados do actual comité) acordaran subcontratar os servizos auxiliares. A actuación da CGT proporcionou a **canle organizada** que fixo posible que o malestar dos traballador@s se transformase nunha **forza** que anulou todo o pasteleo.

Se non te resignas, se cres que os traballador@s temos que loitar para que as condicións laborais melloren (as de **tod@s**: principal, in-

dustria auxiliar e futuros ingresos), se cres que hai que acabar con este modelo de empresa baseado na subcontratación masiva, se cres que hai que acabar co sindicalismo que non defende os intereses dos traballador@s, se queres que non se che oculte información, se queres que as decisións as tomemos entre todos e todas..., a túa mellor opción o día 24 é a CGT. Ós feitos remitímonos. **Que teñamos máis delegados no Comité de Empresa e que poidamos entrar no Comité Intercentros depende de ti.**

VOTA CGT

**NIN NOS VENDEMOS
NIN TE VENDEMOS**

AFÍLIATE!



Colexio de Especialistas e Non Cualificados



Diego Costoya
Tubeiros



Vicente Ferrer
Elaborado



Juan C. Díaz Pico
Elaborado



Carmen Beceiro
Turbinas



Pablo Deiros
Elaborado



Chus Yáñez
Loxística
Fabricación




Moncho Rey
Tubeiros



Tomás Domínguez
Turbinas



Paco Naveiras
Xestión
Producción



David Balsa
Turbinas



Pablo Bordello
Turbinas



Sergio V. Espluguez
Tubeiros

Colexio de Técnicos e Administrativos



Javi Losada
Enxeñería
Turbinas



Nino L. Calaza
Sala Técnica



Xaquín Gª Sinde
DTI



Cristian Méndez
Sala Técnica



Toni L. Pita
Obras Cívís



Benito Segade
Sala Técnica



Arturo Llago
DTI



Juan Cortizas
Sala Técnica



Alberto Suárez
Probas



Roberto Candal
Enxeñería
Turbinas



Luísa Mariño
Nóminas



Valentín Carballeira
Enxeñería
Turbinas



Manuel Álvarez
IPSO



Juan Méndez
Oficina Técnica



Juan Beceiro
DTI



Carlos Hermida
Sala Técnica



Se queres recibir *A Folla da CGT* e outras informacións, comentarnos ou preguntar algo, afiliarte..., fala cun militante do noso sindicato ou ponte en contacto connosco en:

Móbil e Wasap: 623 044 900 • Correo: cgt.fe@navantia.es